

“ÁLBUM DE MULLERES” CONFLUÍR DE VIDAS ENTRE GALICIA E CUBA

Arantxa Fernández Crespo

Profesora asistente da Facultade de Artes y Letras da Universidad de la Habana, Cuba
Presidenta da Cátedra de Cultura Galega

A partir do novo milenio, os estudos sobre a memoria histórica van tomando interese crecente entre historiadores, investigadores e mesmo escritores; pero esa reconstrución do discurso da memoria dos pobos precisa ser encarada desde novas perspectivas, re-escriturala tomando en conta zonas que quedaran tradicionalmente silenciadas. Unha destas tendencias, e se cadra a máis necesaria, reivindica o lugar que cómpre ter a muller nese discurso. Non se trata de desprazar un discurso masculino excluín-te en prol doutro exclusivamente feminino, mais de reordenar o resultante de ambos os dous nun novo, equilibrado e incluín-te. En resumo, a historia dos pobos debe ser o resultado do que homes e mulleres, en sociedade compartida, lograron á mesma vez. Outra desas novas olladas, tan necesaria coma a anterior, xorde dos procesos de globalización produto dos continuos movementos migratorios, e o que estes continxentes culturais diversos van achegando nas conformacións identitarias nacionais.

Nesta proposta, a participación das mulleres na conformación da memoria crúzase coa que atinxe á pegada da diáspora galega no devir histórico e cultural cubano; e como todos eses camiños de emigración y exilio son sempre de ida e volta, buscaremos asemade as achegas da historia de Cuba na conformación da identidade galega contemporánea. O resultado preséntase como unha rede de confluencias entre mulleres galegas e cubanas que activaron a vida de ambas as ribeiras, tecidas polas súas íntimas ou públicas relacións, desde o particular ao público, desde o individual ao colectivo, a través de varios séculos de historia común. Unha rede que sirva para completar a redefinición das identidades de Cuba e de Galicia.

As literatas do XIX

Nese tempo, os movementos migratorios entendíanse unicamente como desprazamentos internos entre territorios do Imperio Español, especialmente densos entre Cuba e Galicia a partir do XIX. Desde a beira galega, a tríade feminina máis influente deste tempo non deixou indiferente a sociedade cubana, mesmo sen que ningunha delas a visitara nunca. Da profunda relación entre **Rosalía de Castro** (Conxo,1837) e a colonia galega de Cuba salientamos se cadra o máis histórico: a edición do seu segundo poemario en galego *Follas novas* (1880), iniciativa do libreiro Alejandro Chao, amigo da familia e dono da editorial *La Propaganda Literaria* da Habana; ao que ela agradeceu dedicándolle o libro á directiva de *Naturales de Galicia* da Habana, amais un dos poemas máis coñecidos á

emigración “Prá Habana me vou”¹. **Concepción Arenal** (Ferrol,1820) era tan idolatrada na illa, que co seu nome designaron o centro de ensino do Centro Galego da Habana, a casa de saúde do Centro Galego de Santiago de Cuba, o hospital da Sociedade “Hijas de Galicia” e ata o seu balneario. Pola súa banda, un dato curioso que demostra o respecto tamén cara a **Emilia Pardo Bazán** (A Coruña,1851) aconteceu en 1907, durante a colocación da primeira pedra do futuro Palacio do Centro Gallego onde

En la cavidad de la piedra se colocó una caja de plomo conteniendo el acta de la ceremonia, firmada por la Directiva y autoridades; las Memorias anuales del Centro; los periódicos del día publicados en la Habana; los recibos de Diciembre de los Socios números 1 y del último de los inscritos; el recibo núm. 25.033, correspondiente á (sic) la eximia escritora doña Emilia Pardo Bazán, como socio presentado por don Joaquín Ruíz. (Galicia, 23-10-1908)

Na outra beira, dúas das mulleres máis cultas e representativas do romantismo cubano foron **Felicia Aubert Noya**, (A Coruña,1825) e **Gertrudis Gómez de Avellaneda** (Camagüey, 1814); ambas compartiron o amor polas letras, a defensa dos dereitos da muller e a loita polo recoñecemento público do seu talento literario, mais tamén tiveron relación con Galicia; a primeira era filla do naturalista francés Pedro Alejandro Aubert e a coruñesa Ubalda Noya Abad, exiliados na Habana por mor dos seus ideais liberais, nos que Virginia Felicia foi educada tamén, atrevéndose a ser escritora singular do romantismo cubano e do costumismo decimonónico, sen abandonar o vínculo directo con Galicia a través dalgúns personaxes das súas obras, asemade as colaboracións ben aplaudidas en revistas galegas da época. Tamén colaborou cos proxectos editoriais de Gertrudis², quen viviu durante dous anos (1834-1836) na cidade da Coruña, terra do seu padrasto, o que plasmou en varias das súas crónicas costumistas e mais no seu diario, onde reflicte unha sociedade provinciana de máis, católica e tradicional, que non gustaba nin da súa veta literaria nin da súa personalidade feminista e liberal. Anos despois, Emilia Pardo Bazán escribirá unhas supostas cartas á Avellaneda, xa morta, onde se doe desa mesma discriminación.

As mulleres da República

Tras a independencia nación cubana (1902), este ir e vir entre Galicia e Cuba de mulleres da cultura multiplícase e diversifica os seus ámbitos de cultura. Temos así, os exemplos da coruñesa concertista de piano **María Muñoz Portal** (A

¹ A primeira obra *Cantares gallegos* (1863) era distribuída polas máis importantes librarías de Cuba desde a súa edición.

² *Álbum cubano de lo bueno y lo bello* (La Habana, 1860). Revista quincenal, de moral, literatura, bellas artes y modas, dedicada a las mujeres. Comenzó su publicación el 15 de febrero de 1860 bajo la dirección de la distinguida escritora cubana Gertrudis Gómez de Avellaneda. En sus páginas se podía encontrar generalmente contenido literario: poesías, cuentos, crítica literaria. En agosto del propio 1860, con el número 12, concluyó su existencia. (https://www.ecured.cu/%C3%81lbum_cubano_de_lo_bueno_y_lo_bello)

Coruña, 1886), quen se estableceu na Habana en 1919, onde participou do ambiente musical do momento, especialmente entre a colectividade galega, pois foi no Teatro Nacional e por iniciativa da Sección de Belas Artes do Centro Galego, onde se presentou por vez primeira como pianista e onde debutou co seu recién fundado Coro do Conservatorio Bach. Foi, ademais, a creadora da Coral da Habana, da primeira Coral da UH e das cantorías escolares repartidas por varios municipios e cidades do país³. Na dirección oposta, **Rosa López Comunión** (Cienfuegos, 1900) foi unha notoria pianista galego-cubana que se formou na illa e logo instalouse en Vigo para continuar os seus estudos, mais que nunca se desvinculou de todo de Cuba, onde regresou para numerosas actuacións, como se detecta na prensa do momento.

Malia que a universidade se considere un contexto demasiado hostil e elitista, especialmente durante a primeira metade do século XX, tanto para o acceso das mulleres, en xeral, como, aínda máis para as estranxeiras. Mesmo así, un estudo recente⁴ revela que até 12 mulleres nadas en Galicia deron completado estudos superiores na Universidade Nacional (hoxe Universidade da Habana), entre 1919 e 1960. En xeral trátase de mulleres con antecedentes migratorios de varias xeracións, é dicir, fillas ou netas de emigrantes galegos en Cuba, nadas case casualmente en Galicia, pero educadas desde moi novas na Illa, onde os seus pais xa tiñan acadado certo estatus social ou económico, impregnados tamén das tendencias modernas de procurar estudos e formación para as súas fillas. A maioría remataron con dous títulos de licenciatura ou doutoramento. **Sara Pais Rodríguez** (Marín, 1890) encabeza este grupo. Ela foi a primeira galega en doutorarse en Filosofía e Letras en 1926, con trinta e seis anos. Dedicouse á docencia do inglés en varios institutos de secundaria, primeiro en Santiago de Cuba e logo na capital, labor que compaxinou co de escritora de temas relixiosos e pedagóxicos. Chegaran a principios do século XX onde o pai, reverendo, fora destinado para crear unha igrexa protestante no oriente da illa. A súa familia toda pertencía á igrexa protestante, incluído o seu irmán Frank País, quen deu en ser un destacado dirixente estudantil, opositor activo do movemento 26 de xullo e considerado un mártir da Revolución cubana desde o seu asasinato en 1957 durante a ditadura de Fulgencio Batista. En 1959, tras o triunfo da Revolución, Sara publicou *Instrumento escollido*, libro dedicado á vida do seu pai e o seu irmán, do que escribiu:

Pero aquella sangre generosa fue como la sangre de Abel, cuyo clamor llegó hasta el cielo, y «la mano derecha de Fidel», como este le llamaba, la mano de «nuestro inolvidable Frank», como tantas veces lo han denominado sus compañeros de luchas y de sacrificios; con su muerte encendió un fanal para el

³ Para máis información sobre o seu labor en Cuba ver *María Muñoz de Quevedo. Su obra musical en Cuba* (Del Río, 2009).

⁴ Paz, V. e Fernández, A. (2023): Las gallegas en la Universidad de La Habana. Presentado nas *Actas do V Encuentro del II Cabo Presencias europeas en Cuba* (no prelo).

Camiño de Santiago e Emigración

destino de Cuba que nunca se extinguirá y abrió una puerta grande para la revolución redentora de la patria que tanto amó. «¡Cómo han caído los valientes en la batalla!» (País, 1959).

Para os efectos desta pescuda, non se consideraron as mulleres galegas nadas en Cuba, descendentes directas de galegos; de terse aplicado esta variable, se cadra os resultados serían algo maiores, demostrando que o afán de progreso e mellora a través da descendencia era un dos principais obxectivos da emigración. O mellor exemplo deste grupo de descendentes de primeiro grao constitúeo sen dúbida, **Mercedes Vieito Bouza** (A Habana, 1887), quen se licenciou co grao de maxisterio e compaxinou a docencia co xornalismo activista desde ben nova. Moi interesada pola educación das nenas, especialmente, chegou a fundar a súa propia escola de ensino primario “La Aurora” no barrio de Luyanó, corazón da colonia galega capitalina; incansable poeta e xornalista, implicouse por anos na vizosa prensa da colonia galega, mesmo como directora de *Eco de Galicia* e *Galicia*; desde as súas columnas denunciou activamente a penosa situación das mulleres migrantes galegas e até se implicou na xestión da Sociedade “Hijas de Galicia” en 1912. Tamén polemizou sobre os problemas endémicos de Galicia en prol da loita agrarista desde unha connotada conciencia galeguista. Participou na creación da Real Academia e Galega de 1906, da que foi elixida membro correspondente. Así expresaba o seu ideario sobre a educación e o galeguismo:

Hace falta en Galicia una labor activa, una incesante campaña vindicadora y, sobre todo, muchas escuelas, pero escuelas galleguistas, con maestros competentes e hijos de la región, muchas granjas, muchos bancos que al fomentar la riqueza agrícola y pecuaria, puedan librar al labriego de las garras de la usura y habilitarlo para ejercer plenamente y a su satisfacción el derecho al sufragio.⁵

En vida, foi tal o seu prestixio e respeito entre a comunidade galega da Habana, que en 1923 recibiu a homenaxe pública dos membros do Centro Galego. Loitadora incansable polo recoñecemento pleno das mulleres nas institucións públicas relacionouse con outras activistas coetáneas como **María Vinyals** (Soutomaior, 1875), marquesa de Ayerbe, esposa despois do médico cubano Enrique LLuria, chegada a Cuba en 1919, connotada socialista que postulaba pola educación plena, o sufraxio e a equidade de dereitos administrativos para as mulleres.

Moi implicada tamén no papel rexenerador da muller como educadora e como formadora das novas xeracións desde o fogar, seguidora das ideas de Concepción Arenal, **Andrea López Chao** (Mondoñedo, 1874) chegou a Cuba para ser profesora de nenas de primaria da escola do Centro Galego en 1904 onde chegou a exercer o cargo de directora do rebautizado Plantel Concepción Arenal. Foi nomeada en 1919 primeira vicepresidenta da Sociedade “Hijas de Galicia”, á

⁵ Vieito de López, M. (7/1/1923). El silencio de las masas, *El Eco de Galicia*, nº 182.

cal representou no Primeiro Congreso Internacional da Muller Cubana. A súa vinculación coa educación das novas xeracións de galego-cubanas abrangueu a súa vida, até 1954 e a súa pegada, coma a doutras mestras do Plantel, reflíctese no labor posterior de alumnas como as irmás **Micaela** (Viveiro, 1892) e **Tareixa** (Habana, 1893) **Chao Maciñeira** que inauguraron a Sección Feminina da Primeira Irmandade da Fala da Coruña, ou de **Antía Cal** (A Habana, 1923) nai da pedagogía galega moderna, e doutras moitas incógnitas que retornaron a Galicia levando a semente dunha educación mellor para as seguintes xeracións.

Galegas na Revolución

Durante o proceso revolucionario, bastantes galegas e moitas das súas fillas xa cubanas, vinculáronse coa nova etapa do país. As vidas de **Jesusa Prado López** (Ourense, 1887) e **María Araújo** (Carril, 1904) teñen moitas semellanzas e corren parellas da historia da emigración galega e da nación cubana. Arrastradas á emigración por uns pais traballadores que pulaban por un futuro laboral mellor na incipiente nación cubana, traídas de nenas a Cuba na década do dez do século XX, casadas con obreiros en 1920, vinculadas coa loita sindical, retornadas nos anos trinta á calor da República española, implicadas novamente na loita sindical fabril galega e próximas ao partido comunista; ambas apresadas cando estala a guerra civil e salvadas da sentenza a morte por mediación do cónsul cubano. En Cuba de regreso, Jesusa chegou a ser directiva moi activa de “Hijas de Galicia”, María comprometeuse cos represaliados do franquismo. Cando triunfa a Revolución cubana, ambas pónense ao seu servizo cun intenso labor na creación dos Comités de Defensa da Revolución (CDR) e na Federación de Mulleres. Ambas acompañaron á Pasionaria durante a súa visita a Cuba. Morreron en Cuba, Jesusa en 1971, María en 1989.

Anisia Miranda (Ciego de Ávila, 1932) é tamén filla de galegos emigrados pero nada en Cuba, onde se educou e formou grazas a ese afán de superación dos seus pais que os fixo trasladarse a Habana para darlle mellores oportunidades á intelixente filla, e despois a Bos Aires, fuxindo da ditadura de Batista. Sen abandonar a colonia galega da diáspora, coñece e casa co escritor galego Xosé Neira Vilas, fundando xuntos o proxecto editorial Follas Novas, para a recuperación da literatura galega prohibida polo franquismo. En 1961, tras o triunfo da revolución deciden asentarse en Cuba. Durante os seguintes trinta anos, ela vinculouse na publicación de libros infantís e xuvenís da man de Alejo Carpentier, traducindo libros medulares para varias xeracións de cubanos, até que en 1978 se converte na directora da revista *ZunZun* e na creadora do emblemático personaxe de “La Vigirita”; mentres, o seu home se converte no garante e preservador do legado documental procedente do extinto Centro Galego, tras a intervención das súas propiedades. En 1992 deciden retornar definitivamente a Galicia para facerse cargo da Fundación Neira Vilas.

Conclusión

Activistas, feministas, revolucionarias, mestras, dirixentes, escritoras, galegas, que desenvolveron o seu labor en Cuba e cubanas que se sinalaron en Galicia. Descendentes que mantiveron viva en Cuba a pegada galega e outras máis novas que viven entre ambas as ribeiras.

Estas son algunhas das mulleres que forman parte do **Álbum de mulleres galegas e cubanas** que influíron nalgún grao no devir histórico de ambas as culturas. Baixo este epígrafe, a Cátedra de Cultura Galega da Universidade da Habana está a promover investigacións co obxectivo de rescatar a pegada inmaterial das mulleres, patrimonio común galego e cubano e reconstruír as liñas da memoria histórica para restaurar cadanseu discurso identitario nacional.